

BASES LEGAIS XGN 2012

As normas a seguir estarán marcadas polas bases legais do evento. En calquera caso, existen unha serie de regras xerais para favorecer a seguridade e a convivencia, de modo que se poida gozar de todas as posibilidades que ofrece Xuventude Galicia Net 2012 (XGN 2012).

Pero as normas que han de rexer son o sentido común e o respecto polos demais. A participación no evento está condicionada á aceptación dos termos e condicións recollidos neste documento (Bases Legais).

Así mesmo, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado resérvase o dereito de modificar totalmente, ou de forma parcial, estes termos e condicións en calquera momento. Os ditos cambios ou modificacións poderán facerse efectivos mediante a publicación na área NORMAS da páxina web de www.xuventudegalicia.net, e/ou a súa comunicación vía correo electrónico a aquelas persoas inscritas ou preinscritas.

No caso en que a modificación das normas se produza durante a realización do evento, publicaranse na web e/ou notificarase por correo electrónico e/ou farase un comunicado no propio recinto do evento.

Admisión

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, resérvase o dereito de admisión dos participantes ao evento. O importe da cota de inscrición daquelas solicitudes que por calquera causa non sexan admitidas, será reintegrado ao seu titular na forma en que a lei o permita. Poderán inscribirse en Xuventude Galicia Net 2012 os xóvenes con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos. As persoas menores de 18 anos necesitarán OBRIGATORIAMENTE ter permiso dos seus pai/nai e/ou titores legais para asistir.

Este formulario que pode descargarse na web de xuventude.net, deberán presentalo no momento de recoller a súa acreditación sendo imprescindible. No caso de non o presentar, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado verase obrigada a non admitilo no evento. A admisión está condicionada ao pagamento efectivo da cota de participación. Este pagamento realizarase mediante o procedemento de transferencia bancaria ou ingreso na conta indicada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Normas de acceso ao recinto

Acreditación e acceso

Para recoller a túa acreditación recorda que has de estar correctamente inscrito na base de datos de XGN 2012 .

A acreditación entregárase no punto de “acreditacións e información” habilitado para tal efecto. O acceso ao evento abrírase o día 4 de maio de 2012 ás 10:00 horas no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, C/ Miguel Ferro Caaveiro s/n - San Lázaro 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) Telf. 981 519 988.

A partir desa hora e durante os tres días (4, 5 e 6 de maio de 2012), poderás acreditarte e efectuar a túa entrada ao recinto para a edición de XGN 2012.

Existirán uns postos divididos por letras en orde alfabética que corresponderán á inicial do primeiro apelido. Soamente terás que dirixirte ao posto correspondente presentando o teu DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia e entregáraseche a acreditación correspondente.

En ningún caso se aceptarán fotocopias de ningún dos documentos acreditativos, sempre hai que presentar o documento orixinal e en vigor.

Non se facilitará a acreditación ni poderán acceder ao evento as persoas cuxos datos de inscrición non coincidan cos da súa documentación. As inscricións ao evento XGN son nominais e non se permite o cambio de titular nestas.

A acreditación deberá levarse sempre nun lugar visible durante todo o evento, e ademais deberá ser mostrada ao entrar e saír do recinto, e sempre e cando a seguridade do evento o requira.

Dado que a acreditación é de vital importancia, en caso de perda ou deterioro desta, deberás dirixirte ao “punto de acreditacións e información” onde se che proporcionará unha nova.

Soamente se permite un cambio, é dicir, se se volve perder, ou no seu caso a danar, deberase abandonar o evento.

É obrigatorio levar a acreditación sempre visible.

Esta débese mostrar ao entrar na zona de acampada, na zona de participantes, para recoller regalos e premios, e sempre e cando sexa requirido por unha persoa de soporte, polo persoal de seguridade ou polo persoal da organización. Non hai dispoñibles pases de visita.

A seguridade do evento poderá impedir o acceso á zona de participantes a toda persoa que mostre evidentes síntomas de embriaguez ou estar baixo os efectos de substancias sicotrópicas ou calquera outro tipo de substancia ilegal.

O recinto de XGN permanecerá aberto as 24 horas do día durante os días da realización do evento, podendo entrar e saír deste a calquera hora da noite.

É obrigatorio levar en todo momento de forma visible a acreditación para acceder ao recinto , así como dentro deste.

Do mesmo modo, sempre que sexa requirido por un organizador, colaborador ou membro da seguridade do recinto, sendo motivo de expulsión a non presentación deste documento. É obrigatorio levar a acreditación nun lugar visible sempre que se atope no interior do recinto de XGN , o non levala pode ser motivo de expulsión. Se algún participante desexa sacar fóra do recinto de XGN o seu ordenador antes de que remate o evento, seranlle tomados os seus datos á saída, así como comprobado o que saca do recinto.

Dereitos dos participantes

Coa inscrición, cada participante terá dereito a:

Un posto na sala de ordenadores onde instalar o seu ordenador persoal, cunha toma de rede e unha toma de corrente (máx. 800 W).

Participación nas actividades e competicións programadas, nas condicións xerais e particulares que se determinen por parte da organización.

Normas xerais de comportamento no interior do recinto

Normas de seguridade

Existen unhas normas de seguridade para organizadores e asistentes a XGN 2012 .

No caso de que esas normas sexan incumpridas por unha persoa, esta será a responsable das consecuencias que se poidan producir, e ademais podería ser expulsada do evento.

As normas son as seguintes:

- Prohíbese o consumo e tráfico de alcohol, tabaco, psicotrópicos e calquera outro tipo de substancias ilegais dentro dos lugares habilitados para XGN 2012.
- Prohíbese a entrada de material inflamable, aparatos eléctricos e calquera tipo de material pirotécnico como as bengalas ou os lumes artificiais.
- Prohíbese introducir calquera tipo de aparato eléctrico de gran consumo tales como microondas, fornos, estufas, etc. Tan só permítese o uso do ordenador e os seus periféricos, así como cargadores de móbiles ou PDAs.
- Non está permitida a entrada ao recinto de obxectos cortantes, armas brancas ou de

lume, nin material que a organización considere perigoso para o bo desenvolvemento do evento.

- Ademais disto, polo ben de todos e o bo entendemento, existen tamén unhas normas básicas de convivencia, son as seguintes:
- Está TOTALMENTE PROHIBIDO calquera forma de agresión física ou verbal fóra de ton así como calquera outra actitude violenta, e será motivo de sanción o feito de participar nela.

Normas de uso da rede de internet

- Queda prohibida a distribución de contidos ilegais a través da Rede.
- Como participante, tes dereito a un punto de rede. Cada participante é responsable de prever a infección do seu equipo usando sistemas de protección como antivirus o firewalls, que deben ser instalados antes de vir a XGN 2012 .
- O intento de acceso de forma non autorizada e os ataques de denegación de servizo aos servidores propiedade da organización poderán ser penalizados coa expulsión do evento.
- Tamén está prohibida a manipulación ou actuación sobre os elementos relacionados coa infraestrutura do evento.
- Recórdase que a copia de calquera tipo de material suxeito ao denominado CopyRight, ou sen licenza de distribución, é ilegal segundo a lei actual a excepción das copias de seguridade ou “backups”, polo devandito motivo só se permitirá a copia de material libre, GPL, Shareware, Freeware, Abandoware, etc.
- Prohíbese a posesión de calquera tipo de material explícito que atente contra a dignidade ou honra de calquera persoa, tanto allea á XGN como non.
- A rede local é un ben compartido que debemos coidar todos. Calquera intento por sabotalo ou causar o seu mal funcionamento en calquera das súas formas, por exemplo con servidores DHCP ou introducindo nestes virus ou vermes, ou simplemente causando o mal funcionamento da rede, ben sexa á súa totalidade ou simplemente a un dos seus elementos, será motivo de sanción.
- Prohíbese a manipulación dos elementos de rede, ben sexan switches ou cables, en calquera forma, sen a debida autorización da organización.
- A organización reservase o dereito de monitorizar a rede e todas as súas direccións IP, así como reiniciar a rede por motivos técnicos.
- Por motivos de seguridade a organización resérvase a utilización de cámaras de video-vixilancia no recinto principal.
- A organización non se fará responsable do contido da carpeta “Incoming” do FTP da XGN.

Normas de convivencia

- A partir de certa hora da noite deberase moderar o ruído dentro do recinto, para respectar a todas aquelas persoas que desexen descansar.
- Prohíbese a inclusión e utilización de altosfalantes individuais conectados aos ordenadores particulares. A única música de ambiente permitida será aquela que poña a organización a través do seu sistema de son. Os participantes deberán usar auriculares se queren escoitar música ou efectos sonoros das producións nas que estean traballando ou dos xogos nos que estean a xogar.
- XGN 2012 pon a túa disposición unha serie de bens de equipo, tales como os sanitarios e as duchas. Fai un uso axeitado destas instalacións co fin de que todos os participantes poidan atopalas en boas condicións ao longo de todo o evento.
- Durante a reprodución dos traballos en XGN, xa sexan demos, gráficos ou música, débese manter un silencio respectuoso e non se deberá producir ningún tipo de ruído, son ou música que poida molestar á audiencia ou prexudicar aos participantes que mostren a súa obra. No caso de que non se respecte esta norma, a organización resérvase o dereito de deter o ruído ao autor deste, ou a expulsión se así fose necesario.
- A organización non se responsabiliza dos roubos e perdas de material que se produzan, así como de calquera dano ou mal funcionamento de calquera equipo e compoñente. Existirá un servizo de seguridade que intentará que estes roubos ou danos non se produzan, e establecerá medidas de control dos equipos e das persoas, á entrada e saída do recinto.
- Os materiais cos que se leva a cabo o evento son responsabilidade de todos, sendo necesario que sexan tratados co coidado que require, o mal uso destes materiais pode ser motivo de sanción.

Campionatos e torneos

A participación nos campionatos e torneos do evento, en moitos casos, está suxeita a un mínimo de calidade e participación: unha vez descartados os traballos que non alcanzan a calidade requirida, procederase a ver se a participación real do concurso chega ao mínimo esixido.

A entrega de premios do evento realizarase o último día do evento (6 de maio á hora indicada no horario). Se algún dos premiados non se atopa nese momento no recinto, a organización considerará que o participante renuncia ao premio. Ese mesmo día realizaranse todos os sorteos previstos, así como a clausura do evento polo que é RECOMENDABLE a participación de todos.

O incumprimento de calquera destas normas é motivo de sanción ou mesmo de expulsión.

Sistema de avisos de sanción

A sanción dependerá do aviso recibido:

- Primeiro aviso: non hai accións, é simplemente un aviso.
- Segundo aviso: expulsión temporal de cinco horas do evento.
- Terceiro aviso: expulsión definitiva do evento.

A organización resérvase o dereito de elevar a sanción a expulsión dependendo da gravidade do acto. No caso dun segundo aviso, a identificación do infractor será anulada. Cando o prazo de cinco horas se cumpra, o infractor poderá volver acceder ao recinto. Estas condicións son asumidas polos participantes ao solicitar a asistencia.

No caso de que durante o XGN se acumulen dous ou tres avisos e o infractor non queira abandonar o evento, será notificado ao servizo de seguridade oportuno.

Tratamento de datos persoais

Os datos que os solicitantes faciliten ao cumprimentar a folla de inscrición son para a organización. Os datos persoais dos participantes serán tratados pola Xunta de Galicia de acordo coa Lei 15/99 de protección de datos de carácter persoal.

Os datos persoais introducíranse nun ficheiro de datos de carácter persoal propiedade e custodia exclusiva da Xunta de Galicia.

O participante inscrito consente a inclusión dos seus datos no mencionado ficheiro, para ser tidos en conta na organización.

O devandito consentimento será revogable e ten como finalidade permitir a utilización da devandita información con fins informativos e de organización do evento.

Baixo ningún concepto se poderán utilizar os seus datos con fins lucrativos, nin ser traspasados nin alleados a calquera tipo de persoa tanto física como xurídica. O usuario ten dereito de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos.

Estes dereitos poden facerse efectivos mediante comunicación a través da sección de contacto da web. A aplicación destas normas será levada a cabo polos membros da organización, colaboradores e os membros de seguridade do evento.